



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Deseño, redacción e xestión de proxectos en Química		Código	610G01036
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química Física e Enxeñaría Química 1Química Fundamental			
Coordinación	Ligero Martínez - Risco, Pablo	Correo electrónico	pablo.ligero@udc.es	
Profesorado	Ligero Martínez - Risco, Pablo Vega Martin, Alberto de	Correo electrónico	pablo.ligero@udc.es alberto.de.vega@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descripción xeral	A materia se inscribe dentro do segundo cuatrimestre do ultimo curso do grao de química. O obxectivo da mesma é dobre, por unha banda, pretendese que o alumnado teña coñecemento de tódolos pasos que leva á elaboración dun proxecto e, por outra, procurarase que o alumnado traslade eses coñecementos ó eido da química mediante a planificación e desenvolvemento dun proxecto de química dende un punto de vista técnico-económico-social.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Capacidade de deseñar e planificar un proxecto		A1 A5 A11 A15 A22 A28	B2 B4 B5 C1
Ter coñecementos dos procesos químicos industriais		A11 A22	
Capacidade de traballo en equipo.		A22	B2 B5 B7 C1
Elaborar e escribir memorias e informes de carácter científico e técnico		A1 A28	B4 B5 C1
Capacidade de indagar e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ó ben común.		A22	B5 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE PROXECTOS	1.1. Definición de proceso e cuestións fundamentais 1.2. Teoría de proxecto: Definición e clasificación 1.3. Características do proxecto e etapas 1.4. Ciclo de vida dun proxecto 1.5. A dirección do proxecto. Características principais da dirección do proxecto



2. ESTUDOS PREVIOS: VIABILIDADE ECONÓMICA DO PROXECTO	2 Estudos previos económicos 2.1. Estudio de mercado 2.2. Demanda e oferta 2.3. Mecanismo de mercado 2.4. Elasticidade da demanda: Definición e tipos 2.5. Estimación de prezo e ingresos
3. ESTUDOS PREVIOS: LOCALIZACIÓN E TAMAÑO DA PLANTA	3.1 Localización da planta 3.1.1 Factores determinantes 3.2.2. Métodos de estimación 3.2. Estimación do tamaño de planta 3.2.1. Economía do tamaño de planta 3.2.2. Métodos de estimación
4. ESTUDOS PREVIOS: TIPOS E ESTIMACIÓN DE CUSTOS	5.1. Producción: Definición e relación cos custos 5.2. Custos: descripción, tipos e estimación de custos
5. ESTUDOS PREVIOS: ESTIMACIÓN DA INVERSIÓN.	4.1. Tipos de capital 4.2. Estimación dos tipos de capital inmobiliizado 4.3. Estimación dos tipos de capital circulante
6. ESTUDOS PREVIOS: AVALIACIÓN ECONÓMICA DO PROXECTO	6.1. Avaliación económica do proxecto: Descripción 6.2. Métodos estáticos de avaliación económica do proxecto 6.3. Métodos dinámicos de avaliación económica do proxecto
7. DESEÑO DO PROXECTO	7.1. Enxeñería básica do proxecto. 7.2. Diagrama e descripción do proxecto. 7.3. Especificacións da enxeñería básica. 7.4. Deseño dun equipo.
8. BALANZO DE ENERXÍA: PLANTEXAMENTO E APLICACIÓN.	8.1. Plantexamento formal do balanzo 8.2. Ecuación de conservación. Balanzo de enerxía. 8.2.1. Ecuación balanzo. Formas simplificadas. 8.3. Intercambiadores de calor. Descripción e tipos. 8.3.1. Intercambiadores de carcasa e tubos: Cálculos. 8.4. Cálculos en evaporadores.
9. SEGURIDADE NA INDUSTRIA QUÍMICA	9.1. Introdución á seguridade na industria química 9.2. Accidentes químicos: 9.2.1. Toxicidade: Tipos e efectos das mesmas 9.2.2. Inflamabilidade 9.2.3. Fichas de seguridade 9.3. Accidentes térmicos 9.4. Accidentes mecánicos 8.5. Seguridade no proxecto



10. IMPACTO AMBIENTAL DOS PROCESOS QUÍMICOS	10.1. Emisións industriais 10.1.1. Emisións gaseosas industriais 10.1.1.1. Contaminación atmosférica: Efectos sobre o medio 10.1.1.2. Clasificación de contaminantes atmosféricos 10.1.2. Emisións líquidas 10.1.2.1. Tipos de contaminantes 10.1.2.2. Efectos de contaminantes no medio 10.2. Control de emisións 10.2.1. Control e descontaminación de emisións gaseosas 10.2.2. Control e descontaminación de emisións líquidas 10.3 Impacto ambiental. 10.3.1. Estudo de impacto ambiental. 10.3.2. Avaliación de impacto ambiental. 10.4 Prevención do impacto ambiental 10.4.1 Auditoría dirixida á minimización 10.4.2 Plan de minimización
11. DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO	11.1. Documentación previa 11.2. Proposta 11.3. Informes parciais e análise de resultados 11.4. Informe final

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A28	26	52	78
Seminario	A11 A15 B2 B4 B7	9	18	27
Traballos tutelados	A22 A28 B4 B5 C1 C3 C4	10	30	40
Proba mixta	A1 A15 B2 B4 C1	3	0	3
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	As sesións maxistrais impartiránse ó grupo completo. Consistirán en leccións expositivas nas que se exporá de forma ordenada o temario da materia. Ó comezo de cada tema exporase claramente o contido e obxectivos principais de dito tema. Asimismo, ó final do tema farase un breve resumo dos contidos más salientables. Para facilita-la labor de seguimento por parte do alumno das clases presenciais proporcionárselle con antelación o material docente utilizado polo profesor. A exposición de cada un dos temas apoiárase en medios audiovisuais.
Seminario	Esta clase de metodoloxía ten por obxectivo profundizar nalgúns aspectos concretos da materia tratados cun carácter máis xeral nas clases de teoría. Para isto, traballarase na resolución de casos prácticos relacionados co desenvolvemento de proxectos e unidades de proceso.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados teñen por obxectivo a realización, por parte dos alumnos, dun pequeno estudo/ proxecto en grupos reducidos. A misión destas sesións será orientar e dar pautas para que o alumnado poida realizar dito estudo, que deben presentar por escrito. Este proxecto será avaliado como unha actividade de traballo autónomo ou non presencial.
Proba mixta	Realizárase unha proba mixta, que abranguerá preguntas teóricas tipo test e exercicios, onde o alumno debe amosa-los seus coñecementos da materia adquiridos ó longo do curso. Esta proba será de modo presencial.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados Seminario	<p>Nos seminarios, a atención personalizada farase mediante tutorías presenciais. Os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, poderán realiza-los traballos tutelados en tutorías personalizadas e/ou grupais en horario a convir cos profesores. As actividades a realizar nestas tutorías serán similares ás dos alumnos en réxime ordinario e computarán para a avaliación final cun 20% da cualificación global.</p> <p>A nivel individual o alumno poderá expor as súas dúbidas referentes ás cuestións de carácter práctico plantexadas na clase.</p> <p>Nos traballos tutelados, a atención personalizada buscará resolve-las dificultades que se lle plantexen ó alumnado na formulación do proxecto, na elección das ferramentas e na análise da información e dos resultados acadados, así como a revisión dos sucesivos borradores do informe do traballo. Ademais do traballo de seguimento realizado nas sesións de tutoría grupal, haberá unha tutoría individual no horario establecido polos profesores.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A1 A15 B2 B4 C1	Realizarase unha proba mixta escrita de toda a materia. que contemplará cuestións teóricas e prácticas. Esta proba ten carácter obligatorio, sendo puntuada de 1 a 10 puntos, proporcionalmente. Para computar na nota final será preciso ter alomenos catro puntos na mesma.	50
Traballos tutelados	A22 A28 B4 B5 C1 C3 C4	Durante o curso ó alumnado elaborará e presentará por escrito, un pequeno estudo/proxecto en equipos reducidos. Avaliarase a claridade de contidos, a presentación e redacción da memoria. Avaliarase así mesmo o proceso de elaboración do traballo, con especial atención á capacidade de traballo en grupo e de iniciativa individual. A elaboración deste proxecto é de carácter obligatorio, non sendo posible supera-la materia sen a realización e presentación do mesmo dentro dos prazos fixados no seu momento.	20
Sesión maxistral	A1 A5 A28	A presencia activa nas sesións maxistrais incentivarse, proporcionalmente, cun máximo dun 10% na nota final sempre e cando esta presencia sexa igual ou maior ó 90%.	10
Seminario	A11 A15 B2 B4 B7	Durante a semana entregaran-se cuestións prácticas ó alumnado para que traballen na súa resolución. As cuestións resoltas deberán ser entregadas ó profesor antes da clase de resolución das mesmas. En outras ocasións, presentaranse ós alumnos, ó inicio da sesión, problemas para resolver na mesma aula, tendo que entrega-los resoltos ó fin da mesma. A entrega e resolución dos traballos resoltos computará, proporcionalmente, ate un máximo dun 20% da nota final.	20

Observacións avaliación



A proba mixta estará composta de dúas partes: Unha teórica e outra práctica que abranguerá a materia teórica e a resolución de problemas tratados durante o curso. A nota desta proba sumarase á cualificación obtida nos traballos tutelados e nos seminarios durante o curso. Para supera-la materia será preciso obter na proba mixta unha nota non inferior a 4, ter elaborado e entregado o trabalho tutelado e acadar, sumadas as cualificacións de tódalas actividades, unha nota mínima de 5. De non acadarse dita puntuación mínima na proba mixta e/ou non ter presentado o trabalho tutelado, e a suma das cualificacións de tódalas actividades fora de 5 ou superior, a materia figurará como suspensa (4,5). Para obte-la cualificación de non presentado, os alumnos non poderán ter participado en máis dun 20 % das actividades avaliables programadas. As calificacións dos seminarios e do traballo tutelado conservaranse na segunda oportunidade, namentres que a cualificación da proba mixta da segunda oportunidade substituirá á obtida na primeira oportunidade. Os alumnos avaliados na segunda oportunidade só poderán optar a matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se tiveran cuberto na súa totalidade na primeira oportunidade. O proceso de ensino-aprendizaxe, incluída a avaliación, refírese a un curso académico, e polo tanto volve comezar cun novo curso , incluídas tódalas actividades e procedementos de avaliación que fosen programados para dito curso. No caso de alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a cualificación dos traballos tutelados se substituirá pola obtida nas titorías personalizadas.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Institut Cerdá (1994). Manual de minimización de residuos y emisiones industriales. Institut Cerdá, Barcelona- Cabra Dueñas, L., de Lucas Martínez, A., Ruiz Fernández, F. e Ramos Marcos, M.J. (2010). Metodología del diseño aplicado y gestión de proyectos para ingenieros químicos. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha- Canon, J.L. , Rebollar, R. e Saenz, M.J. (2003). Curso de gestión de proyectos. Manual del alumn. Asociación Española de Ingeniería de Proyectos (AEIP)- Corchuelo, B., Eguía, B. y Valor, M.T. (2006). Curso práctico de microeconomía. Delta publicaciones- Cepeda, I.; Lacalle, M.; Simón, J.R.; Romero, D. (2004). Economía para ingenieros. Thomson editores- Cos Castillo, M. de (1997). Teoría General del Proyecto. Volumen I: Dirección de Proyectos. Editorial Síntesis- Sapag Chain, N. y Sapag Chain, R. (2000). Preparación y Evaluación de Proyectos. Editorial McGraw-Hil- Storch de Gracia, J. N. y García Martín, T. (2008). Seguridad Industrial en Plantas Químicas y Energéticas. Editorial Díaz de Santos
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Corchuelo, B., Eguía, B. y Valor, M.T. (2006). Curso práctico de microeconomía. Delta Publicaciones- Vian, A. (1991). El Pronóstico Económico en Química Industrial. Editorial Eudema- Peters, M. S., Timmerhaus, K. D. y West, R. E. (2012). Plant Design and Economics for Chemical Engineers. Editorial McGraw-Hill- Sinnott, R. & Towler, G. (2012). Diseño en Ingeniería Química. Editorial Reverté <p>

</p>

Recomendacions

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas 1/610G01001

Matemáticas 2/610G01002

Física 1/610G01003

Física 2/610G01004

Química 1/610G01007

Química 2/610G01008

Química 3/610G01009

Química 4/610G01010

Laboratorio de Química/610G01032

Enxeñaría Química/610G01033

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías